



CHAINSTORIES

Xa temos rematada a historia na que participaron, ademais de nós, centros de Italia, Portugal e Lleida. Pódela ver completa no seguinte enlace:

http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane/files/O_TESOIRO_DA_AVOA_final.pdf

FUNDACIÓN OXÍGENO

Durante o mes de outubro visitounos a Fundación Oxígeno, patrocinada polo Ministerio de Medio Ambiente a través da campaña "Naturaza sen límites". Levaron a cabo unha charla sobre os espazos naturais do Camiño de Santiago, a través dun moneco chamado "Arboreto" (na foto). Esta visita nos axudou para preparar unha actividade que consiste en percorrer parte do Camiño de Santiago, que pasa cerca do colexio, e estudar a súa flora e fauna.



CAMIÑO DE SANTIAGO


Percorremos un anaco do Camiño de Santiago comezando en Martiñán. Aproveitamos esta camiñata para facer fotos da flora e fauna que atopamos. Tamén fixemos enquisas aos peregrinos/as que atopamos no camiño. A última parte desta actividade vai ser facer unha visita a Santiago de Compostela durante este trimestre.

RECEITAS DE MAGOSTO

Aproveitando estas datas fixemos unhas receitas nas que un dos seus ingredientes principais foron as castañas. Por nomear algunhas temos: castañas cocidas con leite, marrón glacé, tarta de castañas. Outras que fixemos, que van moi ben para esta época son: as roscas e as filloas. Podedes ver tódalas receitas neste enlace:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane/galeria/thumbnails.php?album=59>





COCIÑEIROS/AS POR UN DÍA



Como xa di a presentación desta noticia, tódolos ciclos foron cociñeiros por un día e elaboraron un exquisito prato que degustamos no tempo de lecer das mañás. Os de educación infantil fixeron unhas brochetas de froita de tempada bañada en chocolate, o 1º ciclo de primaria elaborou un pastelón de mazá, o 2º ciclo de primaria unha tarta de queixo e o 3º ciclo de primaria, con cabelo de anxo, fixo unhas empanadillas. Que rico e como gozamos! Poder ver as fotos nos seguintes vínculos:

Fotos Infantil: <http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane/galeria/thumbnails.php?album=58>

Fotos 1º ciclo: <http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane/galeria/thumbnails.php?album=55>

Fotos 2º ciclo: <http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane/galeria/thumbnails.php?album=56>

Fotos 3º ciclo: <http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane/galeria/thumbnails.php?album=57>

SAMAÍN _ HALLOWEEN

O pasado 5 de novembro celebramos o Samaín _ Halloween. Recordamos a orixe destas festas, fixemos cancións, bailes. Temos algun vídeo que poder visionar na nosa páxina web.



MAGOSTO

Ese mesmo día, pola tarde, celebramos o Magosto. Nenos e nenas do 3º ciclo de primaria asaron as castañas e mentras o resto tivo unha sesión de xogos, todos coa castaña como protagonista, no pavillón. Ao remate, xuntámonos no patio para compartir contos e comer as castañas que estaban no seu punto. Podes ver as fotos no seguinte enlace:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane/galeria/thumbnails.php?album=61>

Máis información na nosa páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane>

Teléfono e fax: 982511404

Email: ceip.monseivane@edu.xunta.es